

# A festa dos Maios no Museo

Os fondos que o Museo de Pontevedra custodia tanto na súa hemeroteca como nos arquivos documental e gráfico permítenos achegármonos á historia dunha celebración característica da primavera en Galicia e que en Pontevedra conta con certas particularidades que a diferencian das doutras cidades e zonas. Trátase da festa dos Maios, que anualmente convoca o Concello e reúne na praza da Ferrería as obras feitas polos rapaces e polas rapazas de colexios e de asociacións culturais e veciñais, acompañadas das coplas coas que critican sen maldade e loan os acontecementos ocorridos durante o ano que tivesen interese local, autonómico, nacional ou internacional.



*Celebración da festa na Praza de Touros. Maio pontevedrés. Foto Francisco Zagala, ca. 1900*

Canto á súa orixe, o xornal *La Correspondencia Gallega* acolle nas súas páxinas en 1904 diversos artigos asinados por Ramón Álvarez de la Braña e por Celso García de la Riega nos que discrepan abertamente sobre o nacemento de tan singular festa. Para o primeiro, o comezo do maio pontevedrés está na prehistoria e chega a comparalo, pola súa forma, cun “montículo celta, é dicir, cunha mámoa ou cun castro prerromano”. Para o segundo vén a ser unha continuación das variadas festas clásicas que os gregos e romanos dedicaban ás súas divindades durante a primavera.

A celebración debeu entrar en decadencia a mediados do século XIX, deixando de facerse o tradicional maio cónico, que é substituído por outras figuras non propias de Pontevedra. É por iso polo que o xornal *O Galiciano*, que dirixía Rufino Rivera e que utilizaba exclusivamente o idioma galego nas súas páxinas, trata de recuperar en 1887 o noso maio, cunha forma, cunhas medidas e cun garbo que o fan único en Galicia. A súa pretensión, segundo o autor do artigo, era darlle “... cachote a ises outros mayos de cartón que os rapaces, por manía de xuncras, deron en faguer semellando torres, castillos, barcos e non sei que máis, que teñen tanta semellanza cos mayos como semellanza poderei eu ter co Pontífice, esquecendo asina antigas tradicións...”.



*Celebración da festa na Praza de Touros. Carriño con flores e bandeirolas, non típico de Pontevedra.  
Foto Francisco Zagala, ca. 1900*

Con esa finalidade de recuperar e impulsar a festa, *O Galiciano* convoca o primeiro concurso, no que colaboraron economicamente sociedades culturais pontevedresas, como o Liceo Casino, o Liceo Ximnasio e o Recreo de Artesáns, así como particulares siareiros do evento, que ofreceron doces e os agora tradicionais roscóns con que son agasallados os integrantes de cada maio participante.

Iso non foi suficiente para a recuperación do noso maio cónico e para a desaparición dos figurados, que continuaban aparecendo en 1893. Neste ano o xornal *El Anunciador* denuncia a saída á rúa de “castelos, vapores e ata ... submariños feitos con cartón e pintados con rabiosas cores...” e diríxese á autoridade local participándolle que “... debía prohibi-la circulación deses que queren chamar maíos e non son máis que verdadeiros espantallos”.



*Maíos na praza da Ferrería. Foto Mon y Novás 1904.*

Non debeu ser doado impoñer o maio tradicional de Pontevedra. Porén, en 1904, ó abeiro da liorta xornalística establecida entre Álvarez de la Braña e García de la Riega, Francisco Portela Pérez, fundador e director dos xornais *La voz de Helenes* e *A tía Catuxa*, convoca outra vez o concurso no que se premiarían os maios cónicos construídos con elementos vexetais propios, así como a interpretación que os rapaces fixesen das coplas. É de salientar que Portela Pérez foi o pai de quen formaría parte do Padroado do Museo, o aparelador e debuxante Agustín Portela Paz, membro do xurado encargado de cualificar os maios en numerosas ocasións e tamén impulsor da súa definitiva recuperación en 1972 a través da Asociación Amigos da Cultura.

No arquivo gráfico do Museo consérvanse algunhas fotografías da festa de comezos do século XX, algún ano celebrada na Praza de Touros, así como abondosas imaxes a partir de mediados da centuria.



*Maio da Virxe do Camiño actuando na praza da Leña ante as autoridades e os participantes na Semana Cultural Portuguesa de Compostela. Foto Rodríguez, 1949.*



*Maio do Hospicio no patio do hoxe edificio Sarmiento do Museo de Pontevedra. Finais da década de 1950.*

A bibliografía sobre os maios é na actualidade abundosa. Cómpre salientar, non obstante, o traballo pioneiro do que foi director do Museo, Xosé Filgueira Valverde, publicado no ano 1927 na revista *Arquivos* do Seminario de Estudos Galegos. Tamén o de Emilio R. Gregorio Fernández, no número de *El Museo de Pontevedra* correspondente a 1972 e o de Clodio González Pérez editado pola Deputación de Pontevedra en 1989.



*Entrega de premios. Entre os membros do Xurado figuran Xosé Filgueira (1º pola esquerda) e Agustín Portela (1º pola dereita). Foto Graña, década de 1950.*

Reprodúcese a continuación a descrición realizada por José Casal y Lois, incluída no seu orixinal sobre os xogos e diversións populares de Pontevedra escrito ó redor de 1910. Dela despréndese que, ademais da celebración dos concursos, os maios deambulaban polas rúas de Pontevedra cantando as coplas e pedindo o aguinaldo, como o documentan algunhas das fotografías do Museo. El comezou a reunir as coplas impresas desde 1870, colección que o Museo seguiría completando ata a actualidade. Tamén na documentación de Casto Sampedro hay unha recompilación manuscrita das cantadas entre 1848 e 1853.

### OS MAYOS

*Esta diversión o más bien costumbre popular de hacer Mayos el primero y tres de dicho mes era en esta ciudad uno de los más hermosos y entretenidos hasta el último tercio del siglo XIX, en que se empezaron a formar arcos de triunfo y barcos de guerra, con cartón, adornándoles de flores a los primeros y de banderas a los segundos.*

*La descripción detallada de esta diversión la tengo hecha en otra parte al hablar de las costumbres o de las fiestas del calendario, concretándonos ahora a decir en general en qué consistía.*

*El Mayo consta de dos partes principales: el Mayo propiamente dicho, o parte inferior, y la Corona, colocada sobre aquél, o sea, la parte superior. El 1º era de una altura como de un metro; los había también más pequeños y más grandes; tienen la forma de un cono, y lo construyen formando dicho cono por varios palos de roble o de madera unidos por arcos de pipa viejos o de los que, como ya dijimos, se guardaban después de haber jugado con ellos al arco; formado el esqueleto, lo cubrían con una primera capa de ramas de roble o castaño y encima le ponían la última capa, que es hecha con ramas de hinojo (fiuncho), que para que*

*queden bien sentadas y para sujetarlas mejor las enristraban con un cordel, formando tiras más o menos largas, que montan unas sobre otras para que quede bien cubierto todo.*

*Una de las varas, varales, como ellos le llaman, la dejan más saliente de las demás, para que saliendo como una cuarta pueda en ella sujetarse la corona.*

*Cubierto el Mayo, lo adornaban antiguamente con guirnaldas hechas de naranjas agrias y gurrupiés; hoy aún las emplean, pero poco, usando más las guirnaldas de flores silvestres, sobre todo de las llamadas vulgarmente maravillas del campo.*

*La corona la confeccionaban buscando una caña gruesa y del tamaño de metro y medio, que dividen en tres partes, en cada una de las cuales le colocan cuatro medios arcos, cubiertos de rosas y flores, formando entre las tres unos doce arcos, que van de mayor a menor, siendo éstos los de la parte superior en que termina la corona por un ramillete de flores el día 1º de mayo y por una cruz cubierta de flores el día 3 o de Santa Cruz. Los huecos entre arco y arco eran adornados en su parte media por guirnaldas hechas de huevos de gallina por lo general, habiendo algunas coronas de lujo que en la segunda y tercera división eran las guirnaldas hechas con huevos de pajarillos, como hemos dicho al hablar de la costumbre de andar ós niños.*

*Las coronas, como debe comprenderse, no eran todas exactamente iguales a la descrita, sino que las hacían de sólo dos cuerpos y más o menos adornadas y con mejores o peores flores, que era en lo que estaba el gran mérito de los Mayos.*

*La corona, como dijimos, se sujetaba en el vértice del Mayo y en el palo que con este objeto sobresalía de los demás que forman el esqueleto interno, sujetándola además un muchacho con su mano por temor a que se cayese.*

*El construir el Mayo y la corona constituía una de las principales diversiones de los muchachos, los cuales, reunidos los de una calle o barrio con tal objeto, sabidos los que habían de tomar parte en él, se dividían en bandos y con muchos días de anticipación salían por las afueras a ver en donde había mejores matas de hinojo, teniendo cuidado de que no supiesen de él los de otro Mayo, para lo cual preferían las huertas o campos cerrados, en donde entraban con permiso de sus dueños, lo que era pocas veces, o lo que preferían era entrar en ellas escalando los muros a horas que sabían no había nadie, procedimiento que empleaban también para robar en los jardines particulares las flores y sobre todo las peonías, flor que antiguamente tenía el gran mérito para la terminación de un Mayo.*

*Solían pedir las flores, pero aun así y todo lo general era que las buscasen por asalto, lo que entre ellos mismos era más celebrado por los incidentes a que daba lugar y los medios que para ello tenían que emplear y las carreras y sustos que tenían que ejecutar y sufrir.*

*El Mayo lo construían en una bodega de los padres de uno de ellos, rociando a menudo con agua el hinojo, que tienen que coger antes de emplearlo por no poder cogerlo todo de víspera, poniendo en agua también las flores.*

*Construido el Mayo, salen con él el día 1º de mayo y el día de Santa Cruz; antiguamente le ponían en el último arco en que toca el suelo unas dos varas horizontales que sobresalían una cuarta o cuarta y media para cogerlo en hombros cuatro compañeros y otro va delante con la corona. Después suprimieron el llevarlo en andas y lo llevan sobre cuatro ruedas y tiran por él con una cuerda que le ataban.*


Llegados a la casa en donde van a cantar, el que mejor voz tiene y más memoria para conservar en ella todas las coplas, se mete debajo del Mayo, para lo cual lo levantan por un lado. Generalmente lleva un banco pequeño para sentarse en él. Ya dentro, colocan la corona y los demás muchachos, puestos en rueda teniendo el Mayo en el centro y provistos de un palo largo o dos pequeños, empiezan a andar alrededor al empezar el que dirige el canto, o sea el muchacho que está debajo. Éste dice primero la copla y al terminar la repiten a coro todos los demás, y así van haciendo hasta terminar el repertorio que de antemano habían confeccionado.

El muchacho escondido debe tener chispa de poeta, como ellos dicen, para combinar en las coplas los nombres de los dueños de las casas en que cantan con los otros versos, siendo la forma socorrida la de *O noso Mayo / Ten unha (o un)* (aquí inventa un objeto cualquiera que concuerde con el 4º verso) / *Para dar as mayas / Ó Señor (o Don o Dona)* (aquí el nombre).

Terminado el canto, uno de ellos o dos suben a la casa o entran en el comercio si lo hay y piden el aguinaldo o propina, que reúnen en un solo fondo, hasta que el día de Santa Cruz por la tarde lo reparten a partes iguales, sacando los gastos que por cordel, papel y otros hubiesen ocurrido.

Las coplas de los Mayos forman una especie de literatura sui generis, habiendo entre ellas muchas muy curiosas, sobre todo las que se refieren a acontecimientos públicos o de sucesos memorables de un año al otro; otras son groseras por la (...) que encierran, aunque en todas ellas la parte métrica y el casamiento andan muy desarregladas.

De ellas tenemos una colección bastante numerosa y curiosa.



Coplas de 1887 da colección reunida por José Casal.

Hoy en día va decayendo mucho esta diversión y gracias a algunos certámenes, que se llevan a cabo por algunos entusiastas de las costumbres populares, aún se ve algún que otro Mayo, pero cuyas coronas no tienen, ni siquiera, parecido con las antiguas.

En cambio, recorren las calles una serie de barcos construidos con cartón, con más o menos acierto y de todos los tamaños, que colocados en un carro ad hoc por el que tiran los muchachos, algunos de ellos vestidos de marineros, y que cantan con un aire de pasa-calle o danza unos malos versos que reparten impresos.

Otra forma que abunda es la de un arco de triunfo más o menos artístico y lleno de flores y banderas colocado también sobre un carrillo, cantando los que lo traen otros versos tan malos o peores que los de los barcos.

Los nombres que a aquéllos y a éstos suelen darle son los de los últimos acontecimientos que hubo durante el interregno de un mayo a otro mayo, y así cuando los acontecimientos de la guerra civil (...) y los barcos El Pelayo, La Reina Regente, Carlos V.

El día tres, o sea, de la Santa Cruz, por la tarde, antiguamente, después de regalar o vender la corona en alguna casa, llevaban el Mayo al Rouco o al Berrón o al campo de San Roque y allí corriendo tras de uno o dos que por el Mayo tiraban le iban dando de palos hasta que lo deshacían por completo, llamándole a este acto el de apalear o Mayo.

Hoy ya no esperan a la tarde, sino que al mediodía ya no hay ni Mayos, ni arcos ni nada.

Algunas veces había entre los verdaderos Mayos y por envidia un barrio de otro verdaderas batallas campales para destruir el Mayo del contrario, lo que sin embargo era muy raro.

En la actualidad molestan bastante los niños pequeños y las niñas, que atravesando por las calles y plazas interrumpen al pasajero con un barquito pequeño o una cruz cubierta de flores pidiendo para el Mayo.

Hoxe en día a festa dos maios en Pontevedra limitase ó día primeiro, estando xa esquecida a saída o día da Santa Cruz, o 3 de maio, data na que se celebran en Ourense. A participación está regulada por unhas bases elaboradas polo Concello, nas que se esixe que o maio ten que ser o tradicional de Pontevedra e se dan normas sobre a utilización dos materiais permitidos e sobre a súa elaboración. Canto á coroa, admítese que vaia como remate do maio ou separada del. Nas cantigas valórase a retransca, a composición, o ritmo e a linguaxe, sendo penalizado o uso de palabras malsoantes, e na interpretación das coplas elixidas o uso do canto tradicional de Pontevedra, a entoación, o ritmo e a voz do intérprete.

The image shows a handwritten musical score on aged paper. The title is "Os Maios y Santa Cruz" written in a cursive hand. The score is in 2/4 time and includes the tempo marking "Moderato Solo." The lyrics are in Galician and describe the festival of the Mayos. The score is divided into sections for "Solo" and "Coro" (Chorus). The lyrics include: "Es-te mes de Mayo e o mes das flores can dos pa xa - ri-nos dei xan ver os seus a mores. Can dos pa xa ri nos dei xan ver os seus a mores. Ve loahí ven o Mayo por de tras de San Fran-cis-co. Ve loahí ven o Mayo carga di-ño de tro bis co." The score ends with the signature "Pontevedra".

Letra e música do maio de Pontevedra recollidas por Casto Sampedro.

Letra e música da Santa Cruz de maio de Pontevedra recollidas por Casto Sampedro.

Como se pode comprobar na colección de coplas do Museo, malia algunhas interrupcións por diversas causas, a celebración da festa dos maíos segue a ter unha continuidade desde tempos remotos.

**CONCURSO DE MAIOS**      **¡VIVA ESPAÑA!**

## CANTARES DO MAIO

Demos escomenzo arredor do maio, miren toda a xente o noso traballo. Trouxar ben, rapaces, que hai que saludar a-os señores do Xurado f-o público en xeneral.

Homes e mulleres, rapazas é mozas, vinde a vel-a Festa da Praza de Touros; é correde moito que hai ven que mirar, pois traemos cousas que son de admirar.

A coroa é o maio ben se vé aquí, trai de tod'o mais enxebre que hai no país. Estamos atrofiados de coller tantas frores, pasando sin comer e outros sinsabores.

Para coller o funcho, frores e varales, uns andaban pol-as veigas outros pol-os salgueirales. Cansados de correr de fames e traballos, saltando tod-as hortas para faquel-o maio.

Pontevedra, vila hermosa, moito tés que recordar, pois estas festas do maio non se deban d-olvidar. A verdadeira Suiza é a nosa Pontevedra, que dicen os portuxeses: «Quen te vira, non te deras».

Rapaciñas de Salcedo, Lárez, Marcón é Mourente, as do pobo lles decimos, i-a tod-as que hai presentes, que baixen un pouco a saya qu-é de todo muy prudente, non vayan as barberías pór o pelo a permanente.

Dinde o trinta e dous hasta o ano éste, non se viron maíos com-os do «Sates»; é agora, señores, por iso teñan coidado qu-o primeiro ou segundo témol-o ben «marrado».

Valentes de Cotobad, héroes da nosa terra, que cos seus cañóns de pan viñeron a Pontevedra. ¡Adiós Ponte de Sampaio que non te podo olvidar!, pois n-aquela gran batalla guindaches todos o mar.

Alá vai a despedida a todos de Pontevedra, recordando aqueles tempos dos maíos da nosa terra. ¡Adiós xardíns e mais prados, adiós regueiros pequenos, adiós Concurso de Maíos hasta cando te veremos!

Levántate maio, faíno de contado, que xa estou molido e medio apardado; anda que te esperan cerca da montaña, pero dalles antes un gran ¡¡VIVA ESPAÑA!!

**PONTEVEDRA, MAIO 1937.**

**Mayo dos "Rapaces do Hogar Provincial"**

Dedicado a o equipo de Primeira División  
**PONTEVEDRA F. C.**

Xa chegan o mes de mayo, mes das frores e do funcho, e saímos a cantar cos alegres do triunfo. Porque o noso equipo cando quedou campeón ascendeu a toda a vila a primeira división.

Viva o noso Pontevedra que nos subiu a Primeira, cun equipo de rapaces mal chamados de Terceira.

Muito Celta e Santander, moito Español e Real; tanto conto co'a solera, e rachámoslle o historial.

A o noso Club Pontevedra que nos subiu a Primeira, cun equipo de rapaces mal chamados de Terceira.

Para completa'l'o equipo, un águila entrenador, e unha xunta de rapaces que preside un gran doutor.

A Liga que se xogou foiche moi emocionante por'os triunfos do equipo por toda España adiante.

Pero a gran victoria foi vencer a o Español, nestes tempos que vivimos non hay como meter gol.

A noso señor Alcalde botáronlle a mala sota de que perdeu o sombreiro no futbol en Barcelona.

Pero non foi certo o que dixo o periodista, co noso Alcalde e moi cuco, e nada perde de vista.

Levántate mayo, quero ver o sol, non sea que se incomoden e que me nectan un gol.

Pontevedra, mayo de 1963

Non faltan malos personas que quedan arrenegadas cando ven que en Pontevedra fínanse cosse un sonaditas.

Será equipo de terceira, como devían no Faro; pero xogando en primeira, virán a verenos pro ano.

Ahora teñen que luchar pra seguir na División e ganar moitos laureles no campo de Pasarán.

Que si por subir tréien Medalla de Plata, si e que volven a baixar vanlle a dar outra de lata.

A o noso Club Pontevedra tanto o queren alabar, que lle fixeron un himno que dá gloria oir cantar.

O demo do himno sulu tan particular, que igual sivera pra o futbol, que sivera para bailar.

A xente toda da vila xa reventa de contento por ver o ben que responde este noso Ayuntamiento.

Porque a toda presa fixeron unha sesión para amplia'l'o campo, e as calles de Pasarán.

A campaña do millón ten que dar bó resultado, que o pueblo de Pontevedra está moi entusiasmado.

Nos somos rapaces e queremos axudar; que nos den o primer premio e algo lles imos a dar.

Coplas da colección do Museo.

Ata a aplicación estrita das bases polo Xurado, concurrían grupos de Poio e de Marín, que teñen os seus concursos pola tarde nas súas localidades, con maíos, coplas e ritmo de interpretación totalmente diferentes ós de Pontevedra. Por iso a participación, nos últimos anos, limitábase, polo xeral, a maíos do municipio pontevedrés, en número de entre dez e quince.

XOSÉ FUENTES ALENDE,

Secretario Técnico do Museo